

ACTIVIDADES PARA LER COS TEUS FILLOS E AS TÚAS FILLAS

- **Lede un conto e omitide palabras e pedídlle ao neno que complete a frase.**

- **- Busca fotos que lle gusten para poñerlle título.**

- **- Que recorte palabras de xornais ou anuncios publicitarios, que as peguen nunca libreta e que faga os debuxos en relación ás palabras.**

- **- Déixalle a máquina de escribir ou o ordenador para que escriba libremente.**

- **- Lede un conto e pidelle que invente un final novo ou que lle cambie o título.**

- **LEMBRA QUE UN LIBRO É O
MELLOR REGALO !!**

Lembra que de ningunha maneira as historias que saen pola televisión (video, DVD,) substitúen ás que ti lles podes contar. As palabras lidas non van asociadas directamente a ningunha imaxe, o que provoca un desenvolvemento máis libre da imaxinación.



**FOMENTA O GUSTO POLA LECTURA
NOS TEUS FILLOS E FILLAS**

CEIP DE AGUIÑO
Rúa Listres s/n Aguiño
15965 Ribeira

Teléfono: 981840700
Fax: 981841328
Correo: Cesp.aguinho@edu.xunta.es

**FOMENTA O GUSTO
POLA LECTURA NOS
TEUS FILLOS E
FILLAS**



**DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN**

CEIP DE AGUIÑO

CURSO 2010-2011

**SE QUERES AXUDAR AOS TEUS FILLOS E
FILLAS A DESCUBRIR O GUSTO POLA LEC-
TURA, AQUÍ TEDES ALGÚNS CONSELLOS**

Apagade o televisor.

**Acendédeo só para ver un programa con-
creto.**



**Facede que os vosos fillos vos vexan go-
zar coa lectura.**

**Lede con el ou ela polo menos
15 minutos ao día.**




**Aproveitade o momento no que se dei-
ten para ler con eles.**



**Visitade a miúdo a biblioteca co voso fillo
ou filla.**



**Trala lectura dun libro falade xuntos sobre
el**




**Cando os nenos e as nenas son moi peque-
nos comezar con libros infantís e contar
historias a través de imaxes.**



**Cando comezan a ler axúdalle a elixir libros
de interese**

**Móstralle diversas formas de literatura:
contos, poesía..etc.**



**Recorda: Cando contas un conto
creas un mundo de fantasía que
permite estimular a imaxinación
e ademais de divertir serve para
enriquecer a linguaxe, aprender
a escoitar...etc.**